

Orde do...de setembro de 2019 pola que se engade unha disposición adicional a Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de Educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e Mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de Mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou conselleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (ED002B).

No artigo 13.f) da Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de Educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e Mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de Mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou conselleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (ED002B), estableceuse que a ordenación da lista de Orientación realizárase pola data de acceso á primeira interinidade ou substitución dunha especialidade do corpo de mestres. No suposto de que dúas ou máis persoas interinas accedieran á primeira interinidade ou substitución na mesma data, se pertencen á mesma lista, a ordenación realizárase pola orde que posúan na dita lista e, no caso de que formen parte de distintas listas, a ordenación realizárase pola orde alfabética dos apelidos.

A orientación non é unha especialidade do corpo de mestres. Sen embargo, resulta razoable que para os efectos da cobertura das prazas de orientación do corpo de mestres se teña en conta, ademais da data de acceso á primeira interinidade ou substitución dunha especialidade do corpo de mestres, a data de acceso ao desempeño dunha praza de orientación e que, para os supostos nos que haxa dúas datas, se opte pola máis favorable para as persoas interesadas.

Como consecuencia, esta Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

DISPÓN

Artigo único. Engadese unha disposición adicional sexta á Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de Educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e Mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de Mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de

horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou conselleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (ED002B), coa seguinte redacción:

Disposición adicional sexta. Para os únicos efectos do establecido no artigo 13.f) da presente orde considerarase a orientación unha especialidade do corpo de mestres.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a ditar as normas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición Derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta Orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,de setembro de 2019

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Carmen Pomar Tojo